



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa Manuel Lastres 33
15124 Muxía (Santa María)
☎ 881880775 📠 881880776
ies.ramon.caamano@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesramoncaamano/>



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
El FSE invierte en tu futuro

Curso académico: 2022/2023

Departamento de Artes Plásticas

Programación didáctica

Iniciación ás TIC II

2º de ESO

Índice

1. <u>Introdución e contextualización</u>	3
2. <u>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliáveis</u>	4
3. <u>Obxectivos para Iniciación ás TIC II</u>	5
4. <u>Estándares de aprendizaxe avaliáveis</u>	7
5. <u>Concrecións metodolóxicas da materia</u>	14
6. <u>Materiais e recursos didácticos</u>	14
7. <u>Criterios de avaliación e cualificación do alumnado</u>	15
8. <u>Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente</u>	16
9. <u>Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes</u>	17
10. <u>Plan de seguimento do alumnado repetidor</u>	17
11. <u>Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados</u>	17
12. <u>Medidas de atención á diversidade</u>	18
13. <u>Concreción dos elementos transversais</u>	18
14. <u>Actividades complementarias e extraescolares do departamento</u>	18
15. <u>Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora</u>	19
16. <u>Accións de contribución ao proxecto lector</u>	19
17. <u>Accións de contribución ao plan TIC</u>	20
18. <u>Accións de contribución ao plan de convivencia</u>	20

1. Introducción e contextualización

INICIACIÓN ÁS TIC II. As TIC constitúen unha compoñente importante no desenvolvemento das nosas sociedades cada vez máis tecnoloxizadas. Podemos dicir que a penetración da tecnoloxía é alta en case tódolos ámbitos tanto públicos como privados, no traballo profesional diario, no ocio, na formación, na cultura e supuxo unha revolución e transformación no ámbito das comunicacións e relacións humanas. A través de diferentes aparellos tecnolóxicos, creamos, compartimos, custodiamos, solicitamos, transformamos diferentes tipos de informacións, de creacións e producións. Debido ó crecente emprego das TIC e a crecente dependencia das mesmas e fundamental unha formación integral do alumnado neste ámbito que facilite o seu emprego de maneira áxil, correcta e segura e que ó mesmo tempo este adquira ferramentas críticas, de cuestionamento, selección e lectura nun mundo ateigado de mensaxes e información e das consecuencias derivadas de malos usos ou usos abusivos das mesmas. A raíz da Pandemia COVID 19 e as medidas adoptadas no curso 19-20, tanto estatais como por parte da Consellería de Educación, tanto de confinamento como de docencia non presencial, e durante este proceso, detectamos certas carencias, eivas, de alfabetización dixital entre o alumnado que esta programación didáctica vai tentar paliar. De ahí o seu nome "Iniciación ás TIC II", como unha introdución as ferramentas tecnolóxicas básicas e o procesamento básico de información, a través desta materia de Libre Configuración cunha carga lectiva de 1 hora semanal para este nivel.

A presente programación didáctica é redactada axustándose ó marco lexislativo establecido por diferentes leis, ordes, decretos e resolucións que se detallan pormenorizadamente máis abaixo correspondentes ás últimas tres Leis Educativas das que se manteñen certas partes en vigor, así como a adaptación no calendario de implantación da nova Lei Educativa LOMLOE. Para o presente curso 2022-2023 non entran en vigor os novos contidos correspondentes a 2ª da ESO pero si desde o curso pasado implementáronse as novas normas con respecto á Avaliación, Promoción e Titulación derivadas desta última Lei.

Esta programación está realizada para ser desenvolta cunha metodoloxía didáctica tanto presencial, semipresencial como a distancia a través do traballo telemático empregando entornos de aprendizaxe virtual (EVA) e as ferramentas tecnolóxicas de creación e comunicación que fosen precisas; Aula Virtual e Webex de maneira primordial.

Os criterios, instrumentos e procedementos de avaliación e calificación así como os estándares de aprendizaxe avaliábles reflectidos nos apartados 4 e 7 serán os que rixan para o presente curso académico 2022-2023.

Á presente programación didáctica será publicitada, unha vez aprobada, no apartado específico do Departamento de Artes Plásticas na Web do centro, así como noutros espazos determinados nos que o equipo directivo do centro así o requira para o acceso e consulta de alumnado e familias.

Esta é a programación de Iniciación ás TIC II de 2º de ESO para o ano académico 2022/2023, que será impartida no IES Ramón Caamaño. Está redactada tendo en conta o marco lexislativo establecido por:

- [Lei Orgánica 2/2006](#), do 3 de maio, de Educación (LOE)
- [Lei Orgánica 8/2013](#), do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- [Decreto 86/2015](#), do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- [Orde ECD/65/2015](#), de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación primaria a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- [Orde do 15 de xullo de 2015](#) pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- [Real Decreto 665/2015](#), de 17 de julio, por el que se desenvolven determinadas disposicións relativas al exercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la

Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria

- [Resolución do 27 de xullo de 2015](#), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 15 de Xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación no curso académico 2016/2017 do currículo establecido no decreto 86/2015 do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia.
- [Orde do 28 de agosto de 1995](#), pola que se regula o procedemento para garantir o dereito a que o rendemento sexa avaliado con criterios obxectivos (BOE do 20/09/95).
- [Orde do 21 de decembro de 2007](#) pola que se regula a avaliación na ESO (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e [Orde do 23 de xuño de 2008](#), pola que se modifica esta (DOG do 24 de xuño)
- Decreto 229/2011 do 7 de Decembro pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de Maio de Educación.
- Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2001 do 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- [Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación publicada no BOE do 30 de decembro do 2020.](#)
- **[ORDE do 25 de xaneiro de 2022](#) pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.**

Iniciación ás TIC II de 2º de ESO organízase nun grupo: 2º A ESO e será (22 [alumn@s](#)) e será impartida por David Creus Andrade.

Iniciación ás TIC II de 2º de ESO pertence ao bloque de materias de libre configuración autonómica e correspóndelle 1 hora semanal.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliábeis

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

- a) Comunicación lingüística (CCL)
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- c) Competencia dixital (CD)
- d) Aprender a aprender (CAA)
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

O desenvolvemento competencial do alumnado valorarase poñendo en relación os estándares de aprendizaxe coas competencias clave de xeito que se poida graduar o rendemento alcanzado en cada unha delas. O conxunto de estándares que se relacionan cunha mesma competencia dá lugar ao perfil desa competencia facilitando a avaliación competencial do alumnado. Este perfil competencial pode extraerse da táboa do apartado 4 que reflicte a relación entre os distintos estándares de aprendizaxe coas sete competencias clave sinaladas pola normativa en vigor.

A área TIC contribúe á consecución de varios dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria: desenvolve destrezas básicas na utilización de fontes de información para adquirir novos coñecementos, consolida hábitos de traballo individual e en equipo, contribúe á comprensión e á expresión na lingua propia... De tal xeito, redunda na adquisición das competencias básicas:

1. **COMPETENCIA DIXITAL.** Ás TIC contribúen en alto grao a esta competencia porque ofrecen ao alumnado a posibilidade de converterse en creador e transmisor de coñecemento. A tecnoloxía ponse ao servizo dunhas destrezas que lle sirvan para acceder á información alí onde se atope, utilizando diversos dispositivos e sendo capaz de seleccionar os datos relevantes para poñelos en relación cos seus coñecementos previos, e xerar así bloques de coñecemento máis complexos.

2. **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA.** A materia permite o acceso ás manifestacións culturais, o que inclúe as manifestacións de arte dixital e tamén as obras artísticas non dixitais inaccesibles fisicamente. Permite igualmente a captación de contidos multimedia e a utilización de aplicacións para o seu tratamento, así como a creación de novos contidos multimedia que integren informacións manifestadas en diferentes linguaxes, o que enriquece a imaxinación e a creatividade.

3. **COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ.** As TIC proporcionan destrezas necesarias para a busca e interpretación de datos que axudan a unha correcta interpretación dos fenómenos sociais e históricos, e permite acceder en tempo real ás fontes de información que conforman a visión da actualidade. Deste xeito, o alumnado adquire perspectivas múltiples. Ademais, a posibilidade de compartir ideas e opinións a través das redes sociais, brinda a posibilidade de intervir na vida cidadá.

4. **COMPETENCIA LINGÜÍSTICA.** Desenvolverse ante fontes de información e situacións comunicativas diversas permite consolidar as destrezas lectoras, utilizar procesadores de texto posibilita a composición de textos con diferentes finalidades comunicativas, e interactuar en linguas estranxeiras colaborará á consecución dun uso funcional das mesmas.

5. **COMPETENCIA MATEMÁTICA CIENTÍFICA.** As TIC contribúen de maneira parcial á adquisición da competencia matemática, a través do uso das follas de cálculo que permiten calcular, representar e interpretar datos matemáticos e a súa aplicación á resolución de problemas. Por outra banda, proporciona destrezas para a obtención de información cualitativa e cuantitativa que afecte á resolución de problemas sobre o espazo físico e a unha mellor comprensión dos fenómenos físicos.

6. **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.** O mundo tecnolóxico é cambiante e esixe unha constante adaptación e actualización. A aparición de novos dispositivos e aplicacións asociadas, os novos campos de coñecemento e a variabilidade das canles de comunicación esixen a reformulación das estratexias e a adopción de novos puntos de vista que posibiliten a resolución de situacións progresivamente máis complexas.

7. **APRENDER A APRENDER.** As TIC contribúen a desenvolver a capacidade para obter información, transformala en coñecemento propio e comunicar o aprendido poñéndoo en común cos demais a través das contornas virtuais de aprendizaxe, que estimulan a autonomía nas aprendizaxes unha vez finalizada a escolaridade obrigatoria.

3. Obxectivos para Iniciación ás TIC II

Os obxectivos para Iniciación ás TIC II que se expoñen a continuación son os referentes propios da asignatura que contribúen de forma significativa e aportan matices a outros referentes “marco” que son os xerais da etapa educativa e que conforman as expectativas que se quere que o alumnado acade desde un punto de vista integrador e global. (expóñense os obxectivos propios da materia e a continuación os xerais de etapa):

Obxectivos propios da materia:

O ensino das TIC nesta etapa terá como finalidade a consecución dos seguintes obxectivos:

1. Utilizar os servizos telemáticos adecuados para responder a necesidades relacionadas, entre outros aspectos, coa formación, o lecer, a inserción laboral, a administración, a saúde ou o comercio, valorando a súa utilidade e considerando o uso apropiado dos mesmos.

2. Buscar e seleccionar recursos dispoñibles na rede para incorporalos ás súas propias producións, valorando a importancia do respecto da propiedade intelectual e a conveniencia de recorrer a fontes que autoricen expresamente a súa utilización.

3. Coñecer e utilizar as ferramentas para integrarse en redes sociais, achegando as súas competencias ao crecemento das mesmas e adoptando as actitudes de respecto, participación, esforzo e colaboración que posibiliten a creación de producións colectivas.

4. Utilizar periféricos para capturar e dixitalizar imaxes, textos e sons e manexar as funcionalidades principais dos programas de tratamento dixital da imaxe fixa, o son e a imaxe en movemento e a súa integración para crear pequenas producións multimedia con finalidade expresiva, comunicativa ou ilustrativa.

5. Integrar a información textual, numérica e gráfica para construír e expresar unidades complexas de coñecemento en forma de presentacións electrónicas.

6. Integrar a información textual, numérica e gráfica obtida de calquera fonte para elaborar contidos propios e publicalos na Web, utilizando medios que posibiliten a interacción (formularios, enquisas, etc.) e formatos que faciliten a inclusión de elementos multimedia decidindo a forma na que se poñen a disposición do resto de usuarios.

7. Coñecer e valorar o sentido e a repercusión social das diversas alternativas existentes para compartir os contidos publicados na web e aplicarlos cando se difundan as producións propias.

8. Adoptar as condutas de seguridade activa e pasiva que posibiliten a protección dos datos e do propio individuo nas súas interaccións na internet.

9. Valorar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación e as repercusións asociadas ao seu uso.

Obxectivos da Etapa:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. Estándares de aprendizaxe avaliábeis

Os estándares de aprendizaxe son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

O grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe descríbese nunha escala de 1 a 4 co seguinte significado:

- 1: En vías de adquisición.
- 2: Adquirido.
- 3: Avanzado.
- 4: Excelente.

Os cadros que se presentan a continuación reflexan os estándares de aprendizaxe avaliábeis para o nivel de 2º da ESO nun curso ordinario.

INICIACIÓN ÁS TIC II

BLOQUE 1: ORGANIZACIÓN, DISEÑO E PRODUCCIÓN DE INFORMACIÓN DIXITAL

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC
<p>A imaxe dixital. Tipos de imaxes. O píxel. Propiedades da imaxe: resolución, dimensión, profundidade e modo de cor. Formatos de imaxe.</p> <p>Tratamento da imaxe. Uso de ferramentas de selección e de transformación.</p> <p>Selección das propiedades da imaxe. Ferramentas de debuxo, de clonado e de manipulación de textos. Traballo con capas. Aplicación de filtros e efectos.</p> <p>Tratamento da cor. Xeración de imaxes animadas. Exportación a distintos formatos.</p> <p>Planificación, individual ou de forma cooperativa, na elaboración de exposicións orais con presentacións dixitais.</p> <p>Síntese do texto oral no que se apoiará a presentación multimedia, de forma individual ou cooperativa, organizando a información de forma estruturada con coherencia e cohesión, desenvolvendo o contido en profundidade e con actitude crítica, e adaptando a mensaxe ás características da audiencia.</p> <p>Elaboración, formatado e deseño de diapositivas nunha presentación dixital, seleccionado a información de medios dixitais contrastando a súa veracidade,</p>	<p>BL1.1. Crear distintos tipos de imaxes utilizando aplicacións informáticas que permitan a manipulación de información para a realización de tarefas en diversos contextos.</p> <p>BL1.2. Crear presentacións multimedia, individualmente ou de forma cooperativa, planificando o proceso de elaboración, utilizando aplicacións de presentación dixital e adaptando a mensaxe á temática e á audiencia para a exposición oral.</p>	<p>BL1.1.1. Crea distintos tipos de imaxes utilizando aplicacións informáticas que permitan a manipulación de información para a realización de tarefas en diversos contextos.</p> <p>BL1.2.1. Planifica o proceso de elaboración de presentacións multimedia.</p> <p>BL1.2.2. Crea presentacións individualmente ou de forma cooperativa utilizando aplicacións de presentación dixital para a exposición oral.</p> <p>BL1.2.3. Adapta a mensaxe da presentación á temática e á audiencia.</p>	<p>CD CEC SIEE</p> <p>CD CAA SIEE</p>

<p>concretando a información esencial e relacionando a mensaxe oral coas diapositivas. Inserción de texto, debuxos, gráficos, imaxes, audio e vídeo en diapositivas. Integración de imaxes creadas ou retocadas mediante software de tratamento da imaxe dixital. Aplicación de efectos sobre os obxectos e as diapositivas. Inserción e maquetación de táboas. Configuración de persoais de diapositivas. Estética da presentación. Notas do orador.</p> <p>Hábitos e condutas para citar as fontes dos obxectos non propios utilizados na presentación multimedia e as fontes impresas e electrónicas empregadas na síntese do texto oral.</p> <p>Exposición da presentación multimedia expresando a mensaxe con claridade, ritmo e fluidez, estruturando o contido con coherencia, controlando o tempo e apoiando o discurso coa linguaxe corporal. Estratexias para dar resposta ás preguntas expostas pola audiencia.</p>			
BLOQUE 2: INTERNET E SEGURIDADE INFORMÁTICA			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC
<p>Finalidade e tipos de blogue. Características do blogue persoal, o microblogging, o blogue temático e o diario de aprendizaxe. Elaboración de entradas de blogue en contornas virtuais de aprendizaxe con elementos gráficos e obxectos incrustados de servizos da web. Hábitos e condutas adecuadas en contido e forma nas publicacións e comentarios</p>	<p>BL2.1. Publicar reflexións persoais, análises e sínteses de información sobre un tema específico e reflexións sobre a propia aprendizaxe nun blogue.</p>	<p>BL2.1.1. Comparte reflexións persoais nun blogue.</p> <p>BL2.1.2. Publica reflexións sobre a propia aprendizaxe nun blogue.</p> <p>BL2.1.3. Publica información analizada e sintetizada sobre un tema específico nun blogue.</p>	<p>CD CAA SIEE</p>

<p>dun blogue.</p> <p>Finalidade e tipos de foros da internet.</p> <p>Características dos foros de consulta e de debate.</p> <p>Hábitos e condutas adecuadas en contido e forma na elaboración de consultas e respostas nos foros de consulta e de mensaxes e respostas nos foros de debate para a análise, confrontación e discusión de argumentos, en contornas virtuais de aprendizaxe.</p> <p>Riscos asociados ao uso das TIC e estratexias de seguridade fronte ás ameazas. Políticas de xestión segura dos contrasinais. O uso do antivirus.</p> <p>Xestión da identidade dixital. Hábitos e condutas para a protección da privacidade.</p>	<p>BL2.2. Participar en foros de consulta expondo e resolvendo cuestións e debater analizando, confrontando e discutindo argumentos en foros de debate.</p> <p>BL2.3. Describir os riscos e ameazas no uso das TIC e as diversas estratexias de seguridade e de protección da identidade dixital e da privacidade dos datos persoais.</p>	<p>BL2.2.1. Participa en foros de consulta expondo e resolvendo cuestións.</p> <p>BL2.2.2. Debate analizando, confrontando e discutindo argumentos en foros de debate.</p> <p>BL2.3.1. Describe os riscos e as ameazas no uso das TIC.</p> <p>BL2.3.2. Describe as políticas de xestión de contrasinais seguros e outras estratexias de seguridade e de protección da identidade dixital.</p> <p>BL2.3.3. Describe o uso do antivirus, en diferentes situacións, e outras estratexias de seguridade e de protección dos datos persoais.</p>	<p>CD CSC</p> <p>CD CSC SIEE</p>
BLOQUE 3: PROGRAMACIÓN			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC
<p>Contornas para a aprendizaxe da programación.</p> <p>Familiarización coa contorna de traballo.</p> <p>Obxectos. Xestión da aparencia e dos sons asociados aos obxectos. Integración de imaxes creadas ou retocadas mediante software de</p>	<p>BL3.1. Crear aplicacións sinxelas, como animacións ou videoxogos, utilizando unha contorna para a aprendizaxe da programación e planificando, supervisando e avaliando o proceso.</p>	<p>BL3.1.1. Crea aplicacións de crecente nivel de dificultade e de forma individual ou cooperativa utilizando unha contorna de programación para dispositivos móbiles.</p> <p>BL3.1.2. Planifica, supervisa e avalía o proceso de creación de aplicacións.</p>	<p>CD CAA SIEE</p>

<p>tratamento da imaxe dixital.</p> <p>Execución simultánea de varios obxectos.</p> <p>Comunicación entre obxectos. Uso de eventos.</p> <p>Bloques de movemento.</p> <p>Estruturas de control do fluxo do programa.</p> <p>Condições e operadores. Bucles.</p> <p>Creación de gráficos combinando bucles e ferramentas de debuxo.</p> <p>Definición e uso de variables.</p> <p>Descomposición de problemas de maior complexidade en conxuntos máis sinxelos de bloques.</p> <p>Realización de proxectos sinxelos e compartición en liña.</p> <p>Avaliación de proxectos doutros compañeiros.</p>			
BLOQUE 4: APRENDIZAXE NA REDE			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN		CC
<p>Aprendizaxe ao longo da vida. Aprendizaxe formal e informal. Contornas Persoais de Aprendizaxe e Redes Persoais de Aprendizaxe.</p> <p>Selección da información da internet a través de buscadores web, o rastrexo de fontes de contidos e a actividade nas redes sociais. Tipos de buscadores web e as súas ferramentas de filtrado. Fontes</p>	<p>BL4.1. Seleccionar información na web, do rastrexo en fontes de contidos e na actividade das redes sociais, producir cooperativamente contidos en servizos da rede e compartir coñecementos e contidos debatendo a través do correo electrónico e as redes sociais para aprender cooperativamente.</p>	<p>BL4.1.1. Aprender a seleccionar información na web, o rastrexo de fontes e contidos na actividade das redes sociais.</p> <p>BL4.1.2. Construcción cooperativa de contidos en servizos da rede.</p> <p>BL4.1.3. Compartir coñecementos e contidos debatendo a través do correo electrónico e as redes sociais para aprender</p>	<p>CD CSC CAA</p>

<p>de contido. Métodos para buscar, seguir e organizar a actividade nas redes sociais.</p> <p>Organización da información en servizos da Web: marcadores sociais e almacenamento na rede.</p> <p>Producción de contidos de forma cooperativa en servizos da web como unha wiki ou un procesador de textos cooperativo. Integración de elementos gráficos, sonoros e de vídeo.</p> <p>O correo electrónico. Métodos para compartir coñecementos e ligazóns a contidos en redes sociais.</p> <p>Hábitos e condutas para o debate crítico sobre coñecementos a través do correo electrónico e as redes sociais. Hábitos e condutas para filtrar a fonte de información máis completa e compartila con persoas cos mesmos intereses</p>		cooperativamente a través da rede.	
---	--	------------------------------------	--

5. Concrecións metodolóxicas da materia

A metodoloxía no ensino desta área ten que ser activa, para que tras unha introdución teórico-práctica, o alumno sexa capaz de experimentar de xeito práctico os contidos que se van fornecendo ó longo do curso o mesmo tempo que adquire un corpus teórico-conceptual básico sobre a materia. Realizaráanse con asiduidade tarefas de carácter práctico con medios tecnolóxicos, tanto guiadas como de experimentación e creación segundo os obxectivos de cada apartado da materia. Haberá que partir sempre de coñecementos previos do alumno, para coñecer o seu perfil dixital e que este se amplie. As tarefas teórico prácticas deben ser sinxelas e asequibles, directamente relacionadas co mundo que nos rodea e a actualidade. Traballaremos con experiencias cotiás e promoveremos situacións de aplicación inmediata do aprendido. As características da metodoloxía recomendable para a Iniciación ás TIC II pódense resumir nos seguintes puntos:

- **Actividade.** Na que os coñecementos se adquiren fundamentalmente mediante a práctica a través de medios tecnolóxicos e na consecución dun mapa propio por onde saber ubicarse e saber navegar na realidade diversa das TIC.

- **Investigación.** Na que o alumnado amplie as ferramentas e corpus teórico-práctico fornecido buscando recursos, comparando información, abríndose a outras ópticas e maneiras de proceder e cunha mínima formación poda buscar a súa maneira de expresarse e crear novos contidos.

- **Expositivo-descriptivo.** Para que o alumno poida argumenta-los seus avances na materia, poida clarificar as súas dúbidas en común e expoñer tamén os seus procesos de creación. • Debe favorecerse unha análise crítica dos avances e dificultades que vaian xurdindo.

- **Globalizadora.** Que permita utilizar todo tipo de aprendizaxes, anteriores ou adquiridas e busque e detecte a realidade das TIC en diversos ámbitos da vida e da sociedade.

- **Creativa.** Buscando desenvolve-la orixinalidade, adquirindo axilidade e economía na resolución de problemas, aportando ópticas diferenciadoras.

- **Socializadora.** Que lles permita recoñecerse como individuos tecnolóxicos con necesidades de relacionarse, buscando a corrección e o respecto nas comunicacións. Que lles permita facer un bo uso dos medios tecnolóxicos e favorezca a relación en detrimento do illamento.

- **Individualizada.** Particularizando para cada individuo, recoñecendo as diferencias iniciais e o distinto modo de asimilación de cada persoa.

- **Con autonomía.** Para que o alumno teña iniciativa e sexa capaz de elixir e actuar con responsabilidade asumida pola propia conduta.

- **Aplicando a temporalización dos contidos de maneira seria pero flexible,** permitindo ó profesor acomodar ou reacomodar os contidos durante o curso en canto a dinámica da clase así o requira.

6. Materiais e recursos didácticos

Libro de texto: Non hai. O Departamento de Artes Plásticas considera que non é necesario neste nivel un libro-guía específico. O Departamento fornecerá os contidos e as diferentes propostas de carácter práctico directamente relacionadas cos estándares de avaliación, a través de:

- Leccións maxistrais teórico-prácticas.
- Practicas específicas online e offline guiadas e de investigación.
- Documentación e exemplificación teórico-práctica multimedia a través do emprego e visualización de páxinas web de referencia específicas segundo cada apartado do currículo.
- Manexo de aplicacións e APPs específicas segundo cada apartado do currículo.
- Visualización de contidos a través de Videos de Youtube e outros contidos multimedia.

- Emprego da Aula Virtual do centro e do espazo específico do Departamento de Artes Plásticas na web.
- Emprego da Aula de Informática. Esta aula será o lugar específico de impartición da materia de Iniciación ás TIC II.

A aula de informática está provista a día de hoxe dun ordenador de profesorado con canón proxector e 23 ordenadores hábiles con conexión á rede. Ademais de auriculares e barras de son e dunha impresora 3D.

7. Criterios de avaliación e cualificación do alumnado

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Para este curso pode extraerse da táboa do apartado 4. Nesta se propoñen o grao mínimo de consecución necesario dos estándares de aprendizaxe e o mesmo tempo aparecen os procedementos e instrumentos de avaliación que ademais de medir se se cumpren os mínimos esixibles permiten avaliar tamén a “cualidade de consecución dos mesmos”, e mesmo aportan outros valores que matizarán a nota final do alumno:

Teremos así unha dobre perspectiva na valoración do alumno/a.

Por un lado, se o alumno/a acada as competencias básicas co grao 2 (adquirido) en cada estándar, e por outro a valoración da “cualidade de consecución dese estándar” e doutros conceptos en tanto coñecementos, destrezas, actitudes, que se poñen en xogo en cada unha das propostas, exercicios, exames.

Neste apartado cabe salientar que en todo momento os criterios de avaliación e cualificación do alumnado abaixo expresados son perfectamente operativos e útiles independentemente do tipo de docencia impartida, sexa esta presencial, semipresencial ou non presencial.

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polos alumnos nos seguintes apartados, axustándose á ponderación seguinte:

Apartados Observacións Ponderación	Instrumentos de Avaliación	Observacións	Ponderación
A	Notas do traballo diario realizado en clase; tarefas específicas de cada apartado do currículo establecidas como prácticas; tarefas específicas de investigación e creación realizadas tanto individualmente como en grupo; probas específicas á maneira de control dos diferentes apartados ou bloques temáticos.	Cada tarefa específica de práctica, de investigación e creación ou control realizada a nivel multimedia, escrito ou oral como instrumento avaliador valorarase de 0 a 10 puntos, expresándose (salvo excepcións) cunha aproximación máxima de 0,5 puntos. A nota deste apartado será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das tarefas ou controis. Cada nota parcial debe ser testemuña directa da consecución positiva dos estándares de	70%

		aprendizaxe correspondentes e o grao de consecución dos mesmos.	
B	Posibilidade de realizar controis resumo do aprendido/adquirido de maneira xeral que tenten identificar o grao de adquisición de contidos, destrezas e habilidades que o alumnado foi adquirindo ó longo do trimestre desde unha óptica global e integradora	Cada control valorarase de 0 a 10 puntos expresándose (salvo excepcións) cunha aproximación máxima de 0,5 puntos. A nota deste apartado será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada un dos controis.	30%
C	Segundo a dinámica inherente ás clases e a evolución das mesmas no caso de que non se leven a cabo controis específicos do apartado "B" nun trimestre, adoptaránse como "criterios de avaliación" unicamente os do apartado "A".	IDEM apartado "A"	100%

- As recuperacións trimestrais da materia (se o alumno/a non aproba o trimestre) faránse, na 1º e 2ª avaliación, logo das datas da avaliación e periodos vacacionais que as acompañan. Na 3ª Avaliación, farase antes do remate desta. A nota final do alumno/a faise atendendo ó resultado da media aritmética das tres avaliacións.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Indicador	1	2	3	4
Utilización das TIC	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Cumprimento do proxecto lector	Nunca	As veces	A maioría das veces	Sempre
Porcentaxe de aprobados	50% - 60%	60% - 70%	70% - 85%	85% - 100%
Realización de actividades en parella, grupo, etc.	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Emprego de recursos variados na práctica docente	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Tratamento de temas transversais	Non se trataron os temas transversais	Tratáronse algúns dos temas establecidos	Tratáronse a maioría dos temas establecidos	Tratáronse todos os temas establecidos
Cumprimento da	En ningunha	Nalgunhas	Na maioría das	En todas as

temporalización	unidade.	unidades.	unidades	unidades
-----------------	----------	-----------	----------	----------

9. Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes

O Departamento non conta a inicio de curso con ningún alumno/a coa materia de INIC TIC II pendente polo que non é necesaria unha organización sistemática de actividades de seguimento e avaliacións específicas

10. Plan de seguimento do alumnado repetidor

Segundo o Plan específico para o alumnado repetidor, e recollidas as dificultades individuais dos alumnos repetidores para superar os obxectivos desta materia durante o curso anterior, establécese un programa específico individual que inclúe actividades de aprendizaxe semanal. As actividades deben ser de execución sinxela, conceptualmente asequibles e que respondan de maneira obxectiva ós estándares de aprendizaxe e deberán complementar o conxunto de actividades propias que se desenvolvan na materia ou mesmo nalgún caso as podan substituir. Estas actividades poderan consistir en exercicios prácticos, actividades expositivas, actividades tipo test de identificación de elementos e relación de conceptos.

Este programa será comunicado aos titores para que llelo comuniquen ás familias e promovan a implicación destas no seguimento. Terá un seguimento trimestral nas sesións de avaliación.

Tamén se poderá informar ó alumnado con boletíns individualizados, de xeito semellante ó que se fai co alumnado con materias pendentes.

O profesor de materia informará ó titor dos aspectos académicos do alumnado mediante follas estandarizadas..

11. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

O Departamento testeará os coñecementos e as capacidades acadadas directamente relacionadas coa materia polo alumnado da forma seguinte:

- Observación directa do desenvolvemento personal e actitudinal do alumno na aula durante as primeiras xornadas: puntualidade, atención, comportamento dentro da aula, escoita e participa, colaboración cos compañeiros, grao de seguimento das normas específicas da aula de informática, emprego correcto e coidado do ordenador e do espazo e instalacións de traballo.
- Proba específica de testeo dos coñecementos e capacidades adquiridas a nivel curricular en etapas anteriores así como na súa formación autodidacta para establecer o punto de partida individual.
- Cuestionario ou redacción que indague no coñecemento que teñen do que é a materia e as expectativas e desexos que teñen sobre ela.

En función dos puntos anteriores o profesor que imparte docencia poderá coñecer de primeira man as necesidades educativas individuais de cada alumno e poderá adoptar diversas medidas que axuden a paliar deficiencias no proceso de aprendizaxe. Apoios e reforzos dentro e fóra da aula, adaptacións curriculares, adecuación dos instrumentos de avaliación máis axeitados para unha consecución positiva dos estándares e capacidades a desenvolver.

Neste apartado cabe salientar a enorme experiencia proporcionada a través do traballo telemático realizado durante o confinamento no curso pasado por mor da pandemia do COVID19 no que se detectaron eivas importantes de alfabetización dixital e de manexo adecuado, áxil e básico das ferramentas informáticas e de teletraballo sobre todo nos eidos da ofimática e dos procesos de elaboración, transformación, comunicación e custodia da información por parte do alumnado. O feito de que a maior parte do alumnado viva nunha contorna rural e nun medio socioeconómico baixo conleva que en moitos fogares non exista un acceso fluído á cobertura de rede e nalgúns casos non teñan ordenador na unidade

familiar, feitos que inflúen de maneira considerable tanto na súa bagaxe previa con respecto a esta materia como ó devir da mesma neste curso, situacións que son necesarias paliar.

12. Medidas de atención á diversidade

Aplicaranse as recollidas no Plan anual de atención á diversidade.

A metodoloxía didáctica e de avaliación poderá variar segundo as necesidades do alumnado.

13. Concreción dos elementos transversais

A materia de Iniciación ás TIC II é unha asignatura sustancialmente práctica na que se elaboran moitos traballos e propostas creativas e comunicativas que contan coa imaxe (estática ou en movemento), co texto, e co son como o seus elementos fundamentais.

A través de traballos prácticos individuais e colectivos, de exposicións na aula e nos espazos expositivos previstos no instituto, de debates e proxeccións, achegarémonos ás conmemoracións daqueles aspectos transversais de relevancia e de interese social e ambiental, marcados no calendario escolar ou como froito resposta á actualidade máis inmediata empregando o máximo posible as posibilidades das TIC e os espazos de comunicación e visibilización que presentan, a través da Web do instituto, blogs, pantallas, etc...

Algúnhas das cuestións que tratarán de maneira directa ou como ferramenta para falar doutras son as seguintes:

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e da comunicación, emprendemento, e educación cívica e constitucional.
- Igualdade efectiva entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade.
- Respeto á orientación social de cada individuo e superación de clasismos, estereotipos e etiquetas.
- Traballo sobre a capacidade de empatía e educación sensible para mellorar o coñecemento persoal e a nosa posición no espazo social e o rol que desempeñamos no mesmo.
- Educación ambiental para un emprego dos recursos e a capacidade de consumo sostible nun mundo global.
- Creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- Valoración do Patrimonio como ben común a preservar, recoñecer e comunicar como riqueza e expresión dun pobo nun momento concreto da súa historia.
- Educación e seguridade viaria

14. Actividades complementarias e extraescolares do departamento

Iniciación ás TIC II é un campo aberto ás relacións con outras materias e Departamentos:

Colaboración coa Biblioteca, na montaxe de exposicións, traballos de cartelería, celebracións de carácter específico, señalética e definición e identificación de espazos/ámbitos..

Colaboración co equipo directivo na elaboración de cartelería, anuncios e publicidade tanto na web como nos diferentes espazos do centro nos diferentes requerimentos das súas funcións

Participación en concursos de carácter cultural, social e ambiental no que se empreguen de maneira fundamental as TIC como recurso.

Todos os departamentos que desexen establecer experiencias conxuntas en determinados temas de interese común ó longo do curso.

Actividades concretas:

- Realización de obradoiros TIC con profesionais de recoñecido prestixio na materia ou con artistas que traballen neste ámbito (ó longo do curso).

Posibilidade de asistencia a eventos-espectáculos e exposicións de carácter multimedia.

Participación na celebración de determinados actos salientables no calendario escolar como pode ser o día da paz, o día contra a violencia de xénero, o día das letras galegas e o entroido en canto feito plástico, antropolóxico, social e cultural se refire.

Catalogación do patrimonio cultural material e inmaterial da contorna próxima do alumnado e difusión dos mesmos.

Promoveráse desde o Departamento a visibilización a través de exposicións nos espazos comúns do centro e na páxina web, dos traballos realizados polos alumnos/as ó longo do curso.

Este Departamento cré na gran importancia e relevancia das actividades complementarias e extraescolares na formación integral do alumno/a e dará prioridade a que se podan levar a cabo o maior número de actividades posibles atendendo ós criterios de “posibilidade” e “xestión” (idoneidade e pertinencia de datas así como dos recursos do departamento, co-departamentais e posibilidade económica das familias), tentando sempre que nas saídas educativas, asistencia a eventos e obradoiros, estas actividades sexan organizadas por varios departamentos, co fin da optimización de recursos.

A programación das actividades complementarias e extraescolares nesta materia ten o “handicap” de que algunhas das actividades, exposicións, obradoiros, conferencias e eventos que promoven os museos, fundacións, e outras entidades como poden ser os concellos ou as redes de teatro e espectáculos están aínda sen programar por estes, e dicir, non existe un calendario claro e determinado, no que basearse o Departamento ó principio de curso. A medida que se vaian cofecendo as diferentes ofertas destas entidades, e a pertinencia educativa, temporal e haxa posibilidade económica, se iranse propoñendo e realizando, sempre que non interfiran a outros departamentos.

15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

A taboa do apartado 8 será o instrumento necesario para avaliar en todo momento ó longo do curso a práctica docente e servirá para, de ser o caso, facer as oportunas modificacións e matizacións que conleven a unha mellor calidade e resultados nos procesos de ensino-aprendizaxe. Así, en cada trimestre, logo de cada avaliación faráse un seguimento pormenorizado dos logros de consecución positiva dos indicadores da táboa 8.

16. Accións de contribución ao proxecto lector

Todos os departamentos estamos implicados no mesmo, coordinados polo departamento de Lingua Galega. A nosa participación consiste de momento en:

- Na nosa materia o “texto” é un elemento fundamental de traballo, tanto a nivel conceptual como compositivo o que xa conleva un traballo diario con el de lectur e comprensión do mesmo.

- Fomentarase desde o Departamento a lectura de textos referentes á realidade das TIC na nosa sociedade así como aqueles textos que impliquen o carácter creativo e de comunicación relacionados co mundo da cultura e a arte, fotografía, cine, publicidade, etc... ademais dos “apuntes” ou libros de referencia

que sexan precisos... Elaboraránse sinópses, resumos, esquemas e faranse presentacións, exposicións e debates na aula.

- Proposta de adquisición de libros relacionados (directa ou indirectamente) coa materia para o seu emprego na aula ou na biblioteca.
- Participación en proxectos relacionados coas actividades da biblioteca e do centro: cartazes, paneis expostivos, publicidade na web...

17. Accións de contribución ao plan TIC

Na aula de Informática contamos cun ordenador do profesorado con conexión a internet e un canón dixital; ademais contamos con 23 ordenadores con acceso á rede. Isto permite tratar os contidos con frecuentes proxeccións de presentacións preparadas especialmente para apoiar os temas tratados. Asemade, usamos a miúdo a conexión a internet para consultar contidos en páxinas web ou en documentais colgados na rede. Ademais de enriquecer o tratamento dos contidos, resulta moito máis atractivo para o alumnado.

O profesor fornece ademais ó alumnado dun directorio de páxinas web e fontes específicas da materia para un mellor desenvolvemento da mesma e como maneira de fomentar a consulta e formación activa paralela as clases.

Todo o alumnado está matriculado e ten acceso na Aula Virtual do centro dentro do Departamento de Artes Plásticas ó apartado de "iniciación ás TIC I" medio que será parte fundamental na súa aprendizaxe e formación na comunicación alumnado-profesorado/profesorado/alumnado.

Ó longo do curso fomentamos o emprego das TIC por parte do alumnado empregando a Aula de Informática, a Aula Virtual do centro e os recursos propios do alumnado coa finalidade de:

- Adquisición de competencia dixital.
- Elaborar traballos para a súa exposición na aula, no centro e na web do mesmo por parte do alumnado empregando presentacións en diferentes formatos.
- Facer prácticas, exercicios e resolución de problemas online dos diferentes temas tratados no currículo.
- Como fonte de información e consulta constante e multilingüística.
- Mellorar a estética da imaxe e os contidos da web do centro.

18. Accións de contribución ao plan de convivencia


O departamento contribúe ó plan de convivencia do centro cos seguintes obxectivos:

1. Educar ó alumnado para a convivencia democrática, incorporando na práctica docente contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
2. Educar no respecto á liberdade de conciencia e de conviccións relixiosas e morais, preservando a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
3. Cumprir e facer cumprir as normas de convivencia do centro, no ámbito da súa competencia.
4. Fomentar un clima positivo de convivencia no centro, na aula e durante as actividades complementarias e extraescolares.
5. Manter a orde e poñer en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.

6. Informar ás familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias tomadas ó respecto.
7. Controlar as faltas de asistencia e retrasos dos alumnos, informando ós titores segundo o procedemento aprobado no noso centro.

Muxía, 20 de setembro de 2022

O xefe do Departamento de Artes Plásticas



David Creus Andrade